

FINALIZA O CAMPIONATO GALEGO DE VETERAN@S NO REAL AERO CLUB DE SANTIAGO

Cun total de 17 cadros e o patrocinio de Turismo da Xunta de Galicia, a proba foi a mais aberta dos últimos anos, con ningún xogador que acadara mais dun trofeo en categoría individual.

O Campionato Galego de Veteran@s 2023 pasará á historia como un dos mais abertos das últimas tempadas. Nunha competición onde os xogadores poden inscribirse nun máximo de dúas categorías individuais, é habitual que os mais competitivos acaden mais dun trofeo final, e en ocasións repitan título de campión galego en dúas franxas de idade. Pois no ano 2023, con máis de 180 inscricións totais e 17 categorías (11 individuais, 3 de dobres masculinos, 1 dobres feminino e 2 dobres mixtos) ningún dos participantes acadou mais dun trofeo individual, o que reflicta o gran nivel e igualada que foi a competición.

Durante 8 días se disputaron todos os cadros, sendo o máis numeroso o +50 masculino, con 22 xogadores en total, sendo o novo Campión Galego Luis José Ordieres Canal. Dos veteranos, Pablo González Tenorio acadou o título en +70, mentres que entre as féminas destaca un novo Campionato Galego para María Sicre (+45), Olga Fernández (+55) ou Carolina Martínez Vila en +35.

O novo palmarés a nivel individual foi o seguinte:

- Campioa galega +35: Carolina Martínez Vila
- Campión galego +35: Rodrigo Figueroa Vázquez
- Campión galego +40: Sergio Leiro.
- Campión galego +45: Iñaki de Santiago
- Campioa galega +45: María Sicre Romero
- Campión galego +50: Luis Ordieres Canal
- Campioa galega +55: Olga Fernández Castiñeira
- Campión galego +55: Jorge Pablos Benavides
- Campión galego +60: Nilo Rubén Pérez Calo
- Campión galego +65: Bruno Otero Afonso
- Campión galego +70: Pablo González Tenorio

Na entrega de trofeos, presidida polo presidente da FGTenis, D. José Mosquera, e polo delegado de tenis do Real Aero Club de Santiago, D. Marcos Fanego, se agradeceu a colaboración de patrocinadores e colaboradores, e se rendiu un sentido homenaxe, en forma de aplauso, á figura de “Suso de Moaña”, recentemente finado.